

TAN SÓ QUIÑENTOS METROS

O río dos Gafos ofrece ao pedestre observador a calamitosa imaxe da mutilación ou, se queren, da parca existencia condicionada ao saldo de leoninas hipotecas. Escuso dicir aquilo de "quen te viu e quen te ve", mais alén da ponte da estrada PO-542, o río atravesa amedrentado o rúeiri, sen ousar erguer a vista, demandándolle o perdón a Pontevedra por ten vindo a este mundo.

Que a cidade medrou virándolle as costas á corrente fluvial é evidente. Se entendemos por fachada o "aspecto exterior dun edificio por cada un dos lados que pode ser mirado", crémonos no dereito a afirmar que a arquitectura contemporánea obviou decote tres dos catro lados, ou no mellor dos casos, un dos dous. As comunidades de propietarios non están libres de pecado. Os ubicuos graffiteiros, mellor borrhacheiros, tampouco non.

A senda ribeirá que acompaña o Gafos, dende a ponte da avenida da Estación deica á rúa Alcalde Hevia, é metáfora do ser humano: sómosche, abofé, capaces do mellor e do peor. Pódese empregar o mesmo atributo para a contorna da ponte do Couto e mais para o treito acondicionado tras a ponte da rúa Rosalía de Castro deica so mar. Entremedias, o río é sumidoiro.

R. L. Stevenson, entregado á edificante disciplina do paseo, acharía no lugar argumentos abondos para reforzar a tese plantexada na súa célebre "Doutor Jekyll e Mr. Hyde". Que fose chosco, lusco ou torto para poder pasear inocente, sen fastío, polo carreiro gañado á xungla de asfalto e formigón.

Os esforzados membros da asociación ecoloxista Vaipolorío, blindados rexamente contra o desalento, amosan agora a súa preocupación polo inexorábel impacto que a construción do tren de alta velocidade provocará no curso alto do Gafos (Figueirido). Cífrase nun quiñentos metros o segmento do río afectado, cuxo discorrer de seu vai se, ao parecer, desviado, reconducido, trocado por outros tantos metros de canle artificial. Tal chambonada lémbreme o chope da toupeira que cambiou os ollos polo rabo. Descoñezo se o sapo se meteu a ferroviario ou a ministro de Fomento. Que son quiñentos metros de río para o país dos dez mil ríos? Apenas nada.

Que son quiñentos metros de río para o tren de alta velocidade? Pois, a razón de 300 Km/h, escasamente seis segundos; un pestanexo, un olé, un chisgarabís. Nada.

Conmóvenos a hidrofobia do señor Hyde, mais pouco se pode facer polo enfermo que non abeira esperanzas de curación ou que agocha baixo a lingua as pílulas do desenvolvemento sustentábel.

Can máis sei verbo da cruzada –contra o mundo- dos de Vaipolorío, máis se me representan como tardas e teimudas vacalouras as portas da extinción, rechamante anacronía. É o noso deber, cidadáns do terceiro milenio, advertir os heroicos gardarríos das beatíficas alternativas, analxésicas, mesmo psicotrópicas, que ofrece a neotecnoloxía. Antes ou despois, en nome do progreso, alguén albiscará a posibilidade de substituír o maino fluír do río dos Gafos, sempre inoportuno, por unha idílica simulación informática argallada en calquera gabinete de xestión da paisaxe. As asépticas imaxes poderían proxectarse en pantallas xigantes alí onde as esixencias urbanísticas batesen co atranco do río. Non estaría de máis que o Gafos virtual puidese ser descargado tamén nos teléfonos móbiles, por se temos un día parvo e nos acomete a nostalxia. Cantos desgustos aforraremos.

O río dos Gafos é o noso río, menos quiñentos metros máis ou máis quiñentos metros menos.

Calros Solla Varela